

Andoriñón real*(Tachymarptis melba Linnaeus, 1758)*

É o cirrio máis grande dos presentes en Galicia, cunha envergadura de 57 cm. Diferénciase dos outros cirrios polo seu maior tamaño e por ser **o único que presenta o ventre branco**, separado cun collar pardento dunha gorxa branca.

Aliméntase de pequenos insectos que caza en voo. En España é unha ave migradora estival, que permanece entre nós desde o mes de marzo ata outubro.

Cría en pequenas colonias en buratos e fendas de acantilados ao longo de toda a costa: Cíes, Ons, Costa da Morte-Sisargas, Faro de Mera (Costa de Dexo).

Tamén cría en cortados das serras interiores como en Enciña da Lastra. Pasa a maior parte da vida voando. Cálculase que percorre entre 600 e 1.000 km cada día.



(Apus apus Linnaeus, 1758) **Cirrio común** **Cirrio pálido** *(Apus pallidus Shelley, 1870)*



O **Cirrio común** é unha ave migradora de cor escura e uns 45 cm de envergadura que pasa a maior parte da súa vida voando, podendo chegar a realizar desprazamentos diarios de ata 1.000 quilómetros. Cría en Eurasia e inverte en África, ao sur do ecuador. Visita a península ibérica entre os meses de abril e setembro. En Galicia, onde se atopa amplamente distribuído en colonias de diverso tamaño, cría case de xeito exclusivo en construcións humanas. Trátase dunha ave amplamente distribuída que tan só require insectos voadores (que constitúen a súa alimentación), auga e buratos nos que poder construír con esmero os seus niños.

O **Cirrio pálido** é máis claro e apardazado, apreciándose mellor o **aspecto escamado** da súa plumaxe. Avisa un maior contraste na parte inferior das ás, coa a mancha branca da gorxa máis extensa e un anteface máis escuro nas órbitas. Trátase tamén dunha ave migradora que cría nos países mediterráneos, península arábiga e golfo Pérsico, inverna en África nunha ampla franxa ao norte do ecuador. Atópase na península ibérica entre febreiro e outubro. En Galicia coñécense varias colonias de nidificación en buratos e debaixo das tellas de edificios de varias localidades costeiras como Fisterra, Cambados, Sanxenxo ou Vigo.

Estas dúas especies son moi semellantes tanto na súa forma coma no seu colorido.

A aparencia dos rasgos identificadores pode variar segundo a distancia á que nos atopemos e as condicións ambientais do momento, polo que para poder diferenciarlos pode ser preciso escoitar os seus diferentes reclamos, máis agudos e monosilábicos os do Cirrio común e máis graves e de dúas sílabas os do Cirrio pálido.

